

# O feito comunicativo

## 1. Elementos da comunicación

A comunicación é un acto social de intercambio de información. Nel operan sempre un emisor e un receptor, que protagonizan a transmisión, a través dunha canle determinada, dunha mensaxe elaborada nun código común.

**Emisor, receptor, mensaxe, código e canle**, xunto co **referente** (realidade representada) e a **situación** (circunstancias do acto), constitúen o **sistema de comunicación**.

O proceso esixe unha **codificación** (que efectúa o emisor ao compoñer a mensaxe) e mais unha **descodificación** (ao interpretar a mensaxe o receptor).

<b>Emisor</b> (fonte, transmisor)	Elabora, emite e transmite unha mensaxe previamente codificada.
<b>Receptor</b> (destinatario)	Recibe e interpreta –descodifica– unha mensaxe.
<b>Mensaxe</b>	Información –conxunto de contidos– transmitida.
<b>Canle</b> (contacto, condutor)	Vía ou conduto polo que se transmite unha mensaxe.
<b>Código</b>	Sistema de <b>signos</b> e regras combinatorias, compartidos polo emisor e o receptor, que facilitan a construcción e a transmisión da mensaxe.
<b>Referente</b>	Realidade extralingüística que representa ou á que remite a mensaxe.
<b>Situación</b>	Circunstancias espaciais, temporais, sociais, persoais..., que emmarcan o acto comunicativo.


A comunicación pode verse perturbada polo **ruído**: calquera dificultade ou problema xerado nalgún ou nalgúns dos seus elementos. É ruído unha articulación deficiente, un erro de impresión, unha expresión imprecisa, etc.

Ante a advertencia do ruído, adótase inserir **redundancia** na codificación da mensaxe.

Prodúcese con máis frecuencia a través da canle oral.

Se a redundancia é excesiva, convértese ela mesma en ruído.

### Apoios



# O feito comunicativo

## 2. Funcións da linguaxe

As funcións da linguaxe derivan dos fins concretos da comunicación, das intencións do emisor. Establécense seis en relación cos elementos do acto comunicativo.

**Representativa ou referencial.** Centrada no **referente**, serve para transmitir información de xeito obxectivo. É a propia dos textos expositivos.

**Expresiva ou emotiva.** Centrada no **emisor**, manifesta a visión deste (sentimentos, pareceres...). Está presente sobre todo nos textos argumentativos e conversacionais.

**Apelativa ou conativa.** Centrada no **receptor**, permite chamar a súa atención e influír no seu comportamento. É común nos textos publicitarios.

**Fática ou de contacto.** Centrada na **canle**, serve para comprobar que se establece a comunicación e guiala.

**Poética ou estética.** Centrada na **mensaxe**, deleita coa atención á forma desta. Presente nos textos literarios e publicitarios.

**Metalingüística.** Centrada no **código**, transmite información específica sobre este.

As funcións adoitan aparecer combinadas no discurso e maniféstanse mediante determinados procedementos.

Funcións lingüísticas (e propósito)	Principais recursos ou indicadores
<b>Referencial / Representativa</b> (transmitir información de xeito obxectivo)	- Oracións enunciativas - Significados denotativos - Modo indicativo
<b>Apelativa / Conativa</b> (procurar unha reacción no receptor)	- Oracións exhortativas e interrogativas - Vocativos - Modo imperativo
<b>Expresiva / Emotiva</b> (expresar sentimientos, deseños ou pareceres propios)	- 1ª persoa - Oracións desiderativas, dubitativas e exclamativas - Diminutivos, aumentativos, adxectivos valorativos - Interxeccións
<b>Fática / De contacto</b> (comprobar e guiar o proceso de comunicación: apertura, mantemento...)	- 2ª persoa - Oracións interrogativas - Saúdos - Linguaxe non verbal
<b>Poética / Estética</b> (deleitar atendendo a forma da mensaxe)	- Figuras literarias
<b>Metalingüística</b> (transmitir información sobre o código)	- Termos lingüísticos (gramaticais)

# O feito comunicativo

## 3. Linguaxe, lingua e fala

A linguaxe é a facultade humana de comunicarse mediante signos.

É virtual, universal, única.

Capacidade universal (que temos todos/as) para comunicarnos.

A lingua é a manifestación social concreta da linguaxe nunha comunidade, tempo e lugar.

É comunitaria, inmaterial, diversa.

Cada idioma constitúe un **código** específico: sistema de signos interdependentes combinados segundo certas regras.

Os signos diferéncianse mediante trazos distintivos.

Integra **subsistemas** ou niveis de estudo: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico-semántico.

As unidades básicas son fonema e sílaba; monema, frase e oración; sema e palabra.

A fala é o uso concreto que cada membro ou grupo da comunidade fai da súa lingua.

É individual, persoal ou grupal, material, múltiple, creativa.

Entre os actos verbais particulares, a **norma** é o modelo aceptado pola comunidade. A normativa da lingua fixa o estándar.

Diferéncianse os **niveis** de lingua (derivados de factores socioculturais, da formación) dos niveis de fala ou **rexistros** (determinados pola situación comunicativa e o receptor).

### Apoios e complementos



# O feito comunicativo

## 4. Os signos. O signo lingüístico

Un signo é unha unidade de comunicación perceptíbel polos sentidos que representa convencionalmente determinada idea da realidade.

Implica a conexión de dous planos: a realidade física ou material (o **significante**, imaxe acústica, gráfica, táctil...) e a realidade conceptual ou mental (o **significado**, a representación inmaterial).

Cómpre non confundir o significado (imaxe mental) co **referente** (a realidade nomeada).



Existen diferentes tipos de signos de acordo con múltiples criterios, caso da relación co referente, que permite distinguir indicios, iconas e símbolos.

**Indicios:** manteñen unha relación física co referente (de contigüidade, causa-efecto, etc.). Ex.: a febre > enfermidade.

**Iconas:** presentan unha relación de semellanza co referente. Ex.: unha caricatura.

**Símbolos:** con relación arbitraria (non motivada) co referente. Ex.: notas musicais.



O signo lingüístico caracterízase por constituírse mediante unha **relación arbitraria** ente o significante e o significado (como outros símbolos), por ser **convencional** (froito dun "acordo social"), por ser sucesivo ou **lineal** no tempo-espazo e por estar **dobremente articulado**.

Primerha articulación: o signo divídese en unidades menores con significado (monemas: morfemas e lexemas).

Segunda articulación: discriminación de unidades sen significado (fonemas).

Posibilita a economía de medios na comunicación: cun número moi limitado de fonemas constitúense miles de monemas e palabras e, coa súa combinación, infinitos enunciados.

# As propiedades textuais: a adecuación. A expresión da subxectividade

## 1. A adecuación

Esta propiedade textual implica a adaptación á situación, ao receptor e á canle. A intención comunicativa cumprirase se a expresión se axeita ao contexto, especialmente ao destinatario.

Os principais factores son: a) **o propósito da comunicación** (construír relacións, transmitir información, convencer...); b) **a relación entre os interlocutores** (+/- próxima, +/- entre iguais...); c) **as circunstancias do acto** de comunicación (ámbito público ou privado, espazo formal ou informal...)

A adecuación esixe que o texto sexa oportuno na situación, apropiado ao destinatario e aceptábel formalmente.

Principais esixencias:

1. Axuste ás **normas sociais e convencións** (formas de tratamento, pertinencia do humor, etc.)
2. Escolla do **rexistro lingüístico** pertinente (e outras variedades).
3. Elección dos **contidos** que se comunican (grafo de complexidade, presuposicións previstas, etc.)
4. Uso das **funcións lingüísticas** acaídas (apelativa, representativa...).
5. Construción do **xénero textual** necesario (asediblea, coloquio, artigo...), co formato agardábel.

## 2. A expresión da subxectividade

A subxectividade nos textos é a mostra do punto de vista persoal do emisor, con valoracións, opinións ou sentimentos.

A presenza do emisor no texto tamén se denomina **modalización**.

As marcas da subxectividade son moi variadas e remiten ás funcións expresiva e estética da linguaxe.

- Adxectivos e adverbios valorativos (*atractivo, miserábel, lamentabelmente...*).
- Léxico afectivo e connotativo (*pequechiño, casaza, desfeita, ataque...*).
- Oracións exhortativas, exclamativas, dubitativas e desiderativas con valor afectivo (*Vaiá experiencial, Adiante, fagámolo...*). En xeral, o modo subxuntivo e o imperativo.
- Afirmacións e negacións categóricas sen xustificar (*É evidente que, Non cabe dúbida...*).
- Recursos expresivos e figuras como o engadido de coloquialismos, o uso do superlativo, as interrogacións retóricas sen finalidade didáctica, as comparacións, as metáforas, a ironía, etc.
- Formas da 1<sup>a</sup> p. en pronomes, posesivos e verbos.
- Verbos e expresións de opinión e sentimento (*parecer, coidar, magoar, alegrar, ao meu ver, convén, é preciso...*).
- Discurso persuasivo con apelación ás emocións, sobre todo na publicidade (*A túa satisfacción de cada día, Recibe a nosa calor...*).

A subxectividade fica patente nos textos argumentativos (plenos ou mixtos) e mais nos literarios, mais non é exclusiva destes.

Cobra especial relevancia a -non infrecuente- modalización nos xéneros informativos dos medios de comunicación.

# Tipos e xéneros textuais

## 1. Claves e actividades

Os textos, orais e escritos, podémolos clasificar fundamentalmente de acordo con tres criterios: a intención comunicativa, o ámbito de uso e a forma de uso social.

→ A intención permite distinguir os **tipos textuais**, formas de organización ou secuencias universais de acordo coas intencions de presentar, informar, convencer, etc.: tipo narrativo, descriptivo, expositivo, argumentativo, prescritivo (instrutivo e normativo) e dialóxico ou conversacional.

? Unha secuencia ou tipo é un modelo textual -ideal- que responde a unha intención comunicativa e que se asocia con determinadas características discursivas e gramaticais. Por exemplo a secuencia narrativa conecta coa finalidade de contar, presenta unha serie de tempos verbais, etc.

→ Os **ámbitos** indican os espazos sociais nos que usamos os textos: académicos, dos medios de comunicación, persoais e das relacions sociais, administrativos e xurídicos ou literarios.

→ As formas de uso social constitúen os **xéneros textuais**, aqueles modos discursivos cos que nos comunicamos no día a día: un correo, unha conversa, un chío, unha noticia, unha convocatoria, un convite, un prospecto, un videotutorial... Nacen das actividades comunicativas que desenvolvemos e definense pola súa estrutura, polo formato e polo recursos empregados.

A diversidade dos textos reais non encaixa na tipoloxía ríxida da media ducia de secuencias universais, pois estas adoitan aparecer mesturadas nos textos. Ou sexa, a maioría dos xéneros textuais son híbridos (con presenza de diversas secuencias).

→ Así, nun texto podemos atopar exposición e argumentación (caso dun artigo de opinión), exposición, narración, argumentación e diálogo (nunha entrevista), narración, descripción e diálogo (nunha novela), etc.

→ A clasificación dos xéneros textuais dentro dun determinado e único tipo textual responde á atención só á secuencia dominante (como a argumentativa no caso do artigo de opinión), de acordo coa intención comunicativa principal.

→ En todo caso, si hai xéneros que se identifican plenamente cun tipo textual, como as instrucións de uso.

Unha destas clasificacións redutoras en boa medida:

ÁMBITOS	TIPOS TEXTUAIS				
	Descriptivo	Narrativo	Expositivo	Argumentativo	Prescritivo (Instrutivo)
Das institucións, xurídico e administrativo		Presentación Acta Notificación Resolución Convocatoria Certificado	Folleto Instancia		Anuncio Decreto Bando
Ds medios de difusión ou comunicación	Pé de foto Cadro	Noticia Crónica	Infografía Reportaxe Recensión	Entrevista Editorial Viñeta	Artigo de opinión Receita
Das relacións persoais		Diario Chiste Carta	Nota Curriculum	Comentario Foro	Regras Guía de uso Manual
Da aprendizaxe, académico	Índice descriptivo	Biografía Resumo	Explicación Entrada de diccionario Exposición didáctica Artigo Monografía Recensión	Prólogo Debate Discurso	Decálogo Normas
Literario	Retrato	Conto Fábula Lenda Novela	(Auto)biografía	Manifesto Ensaio	Consellos

No ámbito académico, escolar ou de aprendizaxe distinguimos xéneros formativos (como a presentación ou a exposición oral) e xéneros especializados (caso do relatorio, o artigo científico ou a monografía).

Son xéneros eminentemente **expositivos** e moitos deles compártense en congresos, xornadas, seminarios e simposios.

No ámbito xornalístico atopamos un amplio abano de xéneros, desde os narrativos e expositivos que manteñen un ton de obxectividade ata os eminentemente argumentativos nos que se valora a realidade.

Responden á dobre finalidade dos medios: **informar** e asemade **orientar** desde unha postura ideolóxica.

→ A **noticia** informa sobre algún feito de actualidade que se considera de interese. Ten carácter fundamentalmente narrativo.

→ O **informe** -pouco usual- achega datos sobre alguma información, na que se pretende profundar, a medio camiño entre a nova e a reportaxe.

→ A **reportaxe interpretativa** é un xénero heteroxéneo e con múltiples perspectivas no que se debullan claves (marco ambiental, consecuencias...) dun feito. Se se prescinde da valoración, considérase reportaxe obxectiva.

→ A **crónica** amplia *in situ* (ou en todo caso cun marcado percorrido diacrónico) o feito noticiábel e achega ao tempo comentarios valorativos.

→ A **entrevista** é un diálogo planificado no cal a persoa que entrevista lle propón unha serie de cuestiós á entrevistada para trasladar experiencias, coñecementos e opiniós.


→ A **crítica**, normalmente redactada por unha persoa especializada na materia, describe e valora un produto ou feito cultural: un filme, un libro, unha representación, un programa...

→ O **artigo** e a **columna** amosan a opinión dunha persoa de relevo social sobre diversos temas.

→ A **carta á dirección** traslada a perspectiva dos lectores e lectoras do medio que deciden manifestar a súa opinión ou realizar algúnsa denuncia.

→ O **editorial** transmite a opinión do medio ou xornal sobre a actualidade.

→ A **viñeta** combina o debuxo e as palabras para reflexionar sobre algúun aspecto da actualidade.



## Complementos

<b>Secuencias textuais</b> Unidades textuais que concretan os tipos. Adoitán combinarse dentro dos xéneros textuais.			
	<b>Clave e estrutura</b>	<b>Trazos principais</b>	<b>Xéneros nos que adoita dominar</b>
<b>Conversacional</b>	Intercambio de mensaxes. Construcción conxunta do discurso. Organízase en quendas de intervencións.	Fórmulas de apertura e peche. Variedade de modalidades oracionais. Presenza de pronomes persoais, da 1 <sup>a</sup> e 2 <sup>a</sup> personas, da deixe, interxeccións, marcadores conversacionais, etc.	Diálogo, conversa, entrevista, teatro...
<b>Descriptiva</b>	Presentación do estado das cousas (obxecto, persoa...). Segue a lóxica dunha orde, normalmente espacial.	Abundancia de adjetivos e complementos, de oracións atributivas, de tempos en presente e imperfecto ou de marcadores espaciais. Uso de recursos como as enumeracións ou as comparacións.	Inventario, folleto turístico, retrato, anuncios públicos, fichas científicas...
<b>Narrativa</b>	Relato de feitos nun marco temporal. Organización con presentación, nó e desenlace.	Presenza de narrador. Incorporación de diferentes voces, con secuencias conversacionais (diálogos). Abundancia de verbos de acción, tempos verbais do pasado, marcadores temporais, etc.	Lenda, conto, novela, noticia, diario, chiste...
<b>Expositiva</b>	Informa e explica unha realidade. Organízase con introdución, desenvolvemento e peche.	Organización lóxica de información. Uso de procedementos explicativos, recursos gráficos ou enfáticos, conectores de exemplificación ou reformulación, etc.	Conferencia, libro de texto, folleto explicativo, certificado, relatorio...
<b>Argumentativa</b>	Defende un punto de vista, unha opinión, unha tese. Pretende xustificar, convencer, rebater ou persuadir. Con introdución, desenvolvemento argumental e conclusión.	Marcada presenza do emisor no texto: modalizacions diversas. Marcadores de causa-consecuencia, de oposición e contraste, conclusivos... Uso de recursos como as concesións, as citas de autoridade, a ironía, etc.	Debate, artigo de opinión, solicitude, foro...
<b>Prescritiva</b>	Dá ordes, instrucións ou consellos. Regula, establece normas, lexisla.	Expresións de obriga. Uso do imperativo e expresións de futuro.	Libro de instrucións, decálogo, regulamento...

# As linguas da península ibérica

## 1. Situación das linguas territoriais minorizadas

Ademais das linguas normalizadas e oficiais no conxunto dos estados, contamos na península ibérica con, cando menos, seis linguas minorizadas: o galego, o astur-leonés, o éuscaro, o aragonés, o aranés (gascón, occitano) e o catalán.

### 3.1. Galego

É a lingua minorizada con maior porcentaxe de falantes (tanto iniciais como habituais) de toda Europa.

Se entendemos que o galego e o portugués, malia formar parte do mesmo sistema lingüístico, son socialmente linguas diferentes, entón habería que considerar unha terceira púa: a Fala ou Valego. O Ethnologue recóllea como lingua, mais a maioría de investigadores/as considérana variedade histórica do galego.

**Zonas nas que se fala:** Galicia, franxa eonaviega de Asturias, comarcas do Bierzo e As Portelas en Castela e León [e mais Val de Xálima].

**Número de falantes:** 2,5 millóns. O 91% da poboación de Galicia declarase competente en galego.

**Status legal:** Cooficial en Galicia desde comezos dos 80. Aínda que sen oficialidade, hai certa presenza do galego no ensino nos concellos galegofalantes de León e Zamora.

**Vitalidade:** Monolingües e bilingües co galego como lingua inicial: 66%. Como lingua habitual: monolingües 31%; galego só e más galego: 52%. Aínda que se parte de datos de uso ben altos, o declive nas últimas décadas -especialmente nos ámbitos urbanos e entre a xuventude- é evidente: só o 26% da poboación máis nova emprega o galego. O modelo de ensino "bilingüe", con materias científicas que non poden ser impartidas en galego, contribúe a esa mingua. A presenza do galego na maioría dos ámbitos sociais, en todo caso, é relevante, especialmente no cultural e no político.

### 3.2. Astur-leonés

É a lingua recoñecida pero non oficial con maior número de falantes en España.

Adopta a denominación de Mirandés en Portugal.

**Zonas nas que se fala:** Asturias, norte de León e oeste de Cantabria (nestes territorios xa con mínima ou cuestiónábel presenza) e mais Miranda do Douro (Portugal).

**Número de falantes:** 250.000 (de 135.000 a 600.000). O 63% da poboación de Asturias declarase competente no idioma propio. Nos outros territorios españois a porcentaxe é moiísimo menor.

**Status legal:** Recoñecida -non oficial- en Asturias; o Estatuto indica que se protexerá e fomentará e no 1998 aprobouse unha Lei de uso e promoción como "llingua tradicional". É cooficial localmente en Portugal.

**Vitalidade:** Lingua habitual do 25% da poboación asturiana. Hai unha ampla demanda da cooficialidade, existe unha *Academia de la llingua* desde 1980, está presente no ensino como materia voluntaria e mantéñense medios e producións culturais en asturiano. Mais, mantén unha grave situación diglósica e está en perigo de desaparición. En Miranda do Douro as porcentaxes de uso do mirandés son máis elevadas e ten mellores perspectivas.

### 3.3. Éuscaro

É a única lingua peninsular que resistiu a expansión do latín; a mediados do s. XIX aínda era a empregada pola maioría da poboación do seu territorio.

**Zonas nas que se fala:** Euskadi (País Vasco), Navarra, Iparralde (País Vasco Francés) e Condado de Treviño (Burgos).

**Número de falantes:** uns 800.000. O 59% da poboación do norte de Navarra e o 53% do País Vasco declarase competente en éuscaro (o 75% entre os menores de 15 anos).

**Status legal:** Cooficial no País Vasco e parte de Navarra.

**Vitalidade:** Monolingües e bilingües co éuscaro como lingua inicial: 39%. Como lingua habitual: 46% (monolingües: 31%). Aínda que partiu de cifras modestas nos inicios da Autonomía, seguiu un claro proceso de recuperación social: do ano 1981 ao 2011 o seu uso avanzou 14 puntos (do 22% ao 36,4%). É amplamente maioritario o modelo de inmersión en vasco na educación (elixido polas familias). Ademais, a presenza deste idioma nos medios ou na cultura é cada vez maior.

### 3.4. Aragonés

É a lingua minorizada da península coa situación más preocupante.

**Zonas nas que se fala:** norte de Huesca (Alto Aragón).

**Número de falantes:** 12.000. Só o 11% da poboación do norte de Aragón se declara competente en aragonés (unhas 47.000 persoas).

**Status legal:** Recoñecida desde 1996 co rango de lingua propia. Desde 2009 aprobáronse varias leis lingüísticas en Aragón.

**Vitalidade:** Ten moi escasa presenza social e usuarios maioritariamente de avanzada idade, aínda que conta con Academia, asociacións de defensa e un certo dinamismo cultural; así mesmo, gaña algúns neofalantes en zonas urbanas de Aragón. No ensino é só materia voluntaria nalgúns concellos. Está en grave perigo de extinción.

### 3.5. Aranés

É unha variedade do gascón, á súa vez dialecto do occitano.

**Zonas nas que se fala:** Val de Arán (LLeida) e alén Pireneos como gascón.

**Número de falantes:** 5.000 no territorio peninsular. O 64% da poboación do Val de Arán declarase competente en aranés. (Na zona francesa, o occitano, non oficial, sábeo falar só o 19%).

**Status legal:** Cooficial en toda Cataluña.

**Vitalidade:** Monolingües e bilingües co aranés como lingua inicial: 29%. Como lingua habitual: 25% (monolingües: 18%). Está presente no ensino desde 1983. Sofre un marcado retroceso (a favor do castelán, non do catalán).

### 3.6. Catalán

É a lingua minorizada con maior entidade de Europa, tanto en número total de falantes como en apoio social.

**Zonas nas que se fala:** Cataluña, Comunidade Valenciana, Illas Baleares, Andorra, Rosellón, Franxa de Aragón, Algher.

**Número de falantes:** 10 millóns. O 80% da poboación de Cataluña declarase competente en catalán. As porcentaxes son un pouco menores nos demais territorios con cooficialidade.

**Status legal:** Oficial en Andorra, cooficial en Cataluña, Comunidade Valenciana e Illas Baleares.


**Vitalidade:** Monolingües e bilingües co catalán como lingua inicial: 42%. Como lingua habitual: 47% (monolingües: 32%). É a lingua principal do ensino (modelo de inmersión) en Cataluña, onde tamén se acadou en gran parte a integración en catalán da inmigración. O proceso de normalización lingüística avanzou aí de xeito considerábel. En todo caso, nas últimas décadas obsérvase un ligeiro declive no uso do catalán en Cataluña. Sofre ademais unha situación diglósica en Valencia e nas Illas Baleares.

## Lingua minorizadas da península


	Comunidades e/ou estados	Falantes	Status legal	% lingua habitual	Presenza social e evolución
Galego	3 comun. (+ 1: Valego)	2,5 millóns	Oficial en Galicia	52% (31% monoling.)	Consolidase a presenza social Redúcese a transmisión
Asturleonés - mirandés	3 comun. 2 estados	250000	Recoñecida en Asturias. Oficial en Portugal	25% en Asturias	Demanda de cooficialidade e dinamismo cultural / Forte diglosia
Éuscaro	3 comun. 2 estados	770000	Oficial no País Vasco e Navarra	46% (31% monoling.)	Avanza na presenza social e recupera falantes
Aragonés	1 comun.	12000	Recoñecida	(Ronda o 5% en Huesca)	Conta con certa defensa cultural En grave perigo de extinción
Aranés (gascón, occitano)	1 comun. 2 estados (Gascón)	5000 (+800.000)	Oficial en Cataluña	25% (18% monoling.)	Sofre un marcado retroceso
Catalán	5 comun. 4 estados	10 millóns	Oficial en tres comunidades e en Andorra	47% (32% monoling.)	Decidido avance da normalización Integración da inmigración en catalán Ligeiro declive nas porcentaxes

## Complementos

a) Competencias en mapa.



b) Vitalidade segundo a lingua habitual.



c) Política lingüística na educación.

#### Presenza das linguas territoriais minorizadas no sistema educativo (secundaria)

<b>Galego</b>	<b>Galicia</b>	Lingua vehicular en modelo “plurilingüe”: <b>do 33% ao 50%</b> ; prohibida en Matemát., Tecnol. e Física e Quím.
	O Bierzo e Sanabria	Materia optativa ou extraescolar en 4º ESO e Bacharelato. Opcionalmente, lingua vehicular de Xeografía e Hª.
<b>Astur-leonés</b>	Asturias	Materia optativa (obrigatoria en Primaria).
	Miranda do Douro	Materia <b>optativa</b> .
<b>Éuscaro</b>	<b>Euskadi e Navarra</b>	Modelo co éuscaro como materia / modelo con predominio do éuscaro / modelo de <b>inmersión</b> [maioritario].
<b>Aragonés</b>	Aragón	Proxectos lingüísticos voluntarios en determinados centros, con ata 3 períodos lectivos semanais.
<b>Aranés</b>	<b>Val de Arán</b>	Lingua vehicular en modelo de <b>inmersión</b> , con presenza do aranés, catalán e castelán.
<b>Catalán</b>	Cataluña	Lingua vehicular en modelo de <b>inmersión</b> , “garantindo o dominio oral e escrito do catalán e do castelán”.
	Illas Baleares	Lingua vehicular en modelo tendente á <b>inmersión</b> (presenza mínima do catalán: 50%).
	Valencia	Lingua vehicular en modelo “plurilingüe” (presenza do catalán valenciano <b>do 25% ao 65%</b> ).
	Franxa de Aragón	Proxectos lingüísticos voluntarios con ata 3 períodos lectivos semanais.

→ Tendo en conta que a oficialidade do mirandés é limitada, **ningunha lingua oficial é tan maltratada no ensino como o galego**.

# As linguas da península ibérica

## 2. Contraste lingüístico

Na península ibérica áchanse dous tipos de romances:

1. Iberorromances: galego-portugués, astur-leonés e castelán.
2. Occitanorromances: aranés (gascón, occitano) e catalán.

O aragonés pode considerarse lingua de transición, pois comparte trazos con ambas as pólas.

	Galego e portugués	Astur-leonés	Castelán	Aragonés	Aranés	Catalán
Caída do -N- e do -L- intervocálicas	Si <i>boa saúde ceo / céu</i>	Non <i>bona salú cielu</i>	Non <i>buena salud cielo</i>	Non <i>buenas salut ciel</i>	Só nalgúns casos <i>bona salut cèu</i>	Non <i>bona salut cel</i>
Ditongación das vogais breves	Non <i>porta sempre</i>	Si <i>puerta siempre</i>	Si <i>puerta siempre</i>	Si <i>puerta siempre</i>	Non <i>pòrta tostemp</i>	Non <i>porta sempre</i>
Evolución de PL-, FL-, CL-	Palatalizan en ch chamar chuvia	Palatalizan en ll llamar lluvia	Palatalizan en ll llamar lluvia	Consérvanse <i>clamar plevia</i>	Consérvanse <i>clamar ploja</i>	Consérvanse <i>clamar pluja</i>
Desaparición do F- inicial	Non fillo	Non fiu	Si <i>hijo</i>	Non fillo	Si <i>hilh</i>	Non fill
Palatalización de L- inicial	Non lúa	Si <i>lluna</i>	Non luna	Non luna	Non lua	Si <i>lluna</i>
Perda de vogais átonas finais	Non doce	Non dulce	Non dulce	Non dulce	Si <i>doç</i>	Si <i>dolç</i>

### Catalán

As linguas romances de diferentes subgrupos presentan dificultades para a intercomprensión, agás para persoas con certa formación, polo que podemos atopar non poucos impedimentos na comunicación con quen fale catalán. Como outras linguas occitanorromances, posúe trazos distantes para nós como a perda de vogais finais átonas (illet, fill...). Aínda así, os artigos ou o sistema pronominal son moi semellantes aos do castelán.

Son fenómenos característicos do catalán, por exemplo:

- o mantemento das oclusivas xordas sen sonorizar en posición final, tras a perda da vogal (edat, estat...),
- o a simplificación do grupo -ND- (segona, manar... [segunda, mandar])
- ou a evolución do L- inicial a ll- (lluita, llengua...).

### Aranés

Está moi próximo ao catalán. En xeral o occitano (e en particular o gascón aranés) e mais o catalán comparten fenómenos evolutivos e abondo léxico, bastante más que co castelán. [No mapa de proximidade léxica que se reproduce abaixo hai unha evidente imprecisión].

Comparemos:

- Totes naishen liures e egaus en dignitat e en dreit (aranés)
- Tots neixen lliures i iguals en dignitat i en drets (catalán)
- [Todos nacen libres e iguais en dignidade e en dereitos]

Como trazos propios destacamos:

- o -l final vocalízase: *meu* (mel)
- ou o -ll- intervocálico deu -r-: *era* (ela).

### Aragonés

Como as iberorromances, ten só tres conxugacións (aranés e catalán, catro), mais posúe pola contra escasos verbos irregulares. Así mesmo, detéctanse no aragonés achegas léxicas e evolucións fonéticas paralelas ás linguas occidentais (tamién, vergüeña...) ao carón doutras más propias do espazo occitano (nieu, mirallo, minchar... [neve, espello, comer]).

Como trazos particulares, podemos subliñar que:

- o as oclusivas xordas intervocálicas latinas (-P-, -T-, -K-), que sonorizan en todas as linguas romances da península, mantéñense en certas palabras do aragonés, como *ripa* ou *foratar* [pendente, esfuracar];
- o mantén, como o catalán e o aranés, os grupos latinos iniciais PL-, CL- FL- (pluja, clau... [chuvia, chave]).

### **Éuscaro**

Lingua non indoeuropea, con procedementos sintéticos moi distintos dos das linguas neolatinas; por exemplo, posúe sufixos equivalentes aos nosos pronomes relativos e interrogativos. En todo caso, influenciou e foi influenciada polos romances ibéricos próximos (castelán, gascón e aragonés). Hoxe en día conseguimos captar e entender sen formación específica determinados termos, como os préstamos que nos achegou (esquerda, aquelarre...), mais só iso.

O substrato vasco é, segundo algúns estudosos, a causa dalgunhas particularidades do castelán. Por exemplo:

- a perda do F- inicial (*habla, harina...*), que comparte co aranés,
- un sistema vocálico de só cinco fonemas, que tamén teñen simplificado o astur-leonés e o aragonés.

### **Castelán**

Á marxe do coñecemento que todo galegofalante ten deste idioma, a súa distancia co galego, non pequena en múltiples planos, fica reducida para nós polo influxo (dominio) que exerceu sobre a lingua galega desde o s. XVI e pola incorporación no galego popular de numerosas interferencias. Pode consultarse [unha escolma destas aquí](#).

Cómpre dicir que o castelán adoptou algunas solucións fonéticas particulares, á marxe das outras linguas romances, que nalgúns casos se achacan, como vimos, ao influxo do éuscaro.

### **Astur-leonés**

Como o castelán, ditongou os e / o latinos, mais -como no aragonés- con solucións dispares: fueu, daquién, güe... [fogo, dalgúnha persoa, boi]. Tamén son características súas:

- formas particulares do verbo ser (ye, yera...),
- o peche do -o final para -u (mozu, perru...) ou
- a palatalización do L- inicial en ll- (llobu, llingua...), como no catalán.

### **Portugués**

Confírmase co mesmo sistema lingüístico que o galego e, unha vez derrubada a barreira da -se así for- falta de hábito de escoitar o seu sotaque, a comprensión para nós é moi elevada, case plena. Arrédano do galego certos trazos fonolóxicos (presenza de 9 vogais orais, de 5 ditongos nasais ou de sibilantes sonoras) e unha pequena porcentaxe de léxico específico. A curva de aprendizaxe do portugués padrón para unha persoa galegofalante é, xa non pouco pronunciada, senón mesmo lixeiriña.


Son fenómenos específicos do galego e do portugués:

- a caída do L e N intervocálicos (ceo, lúa, ter...),
- a simplificación do duplo ele -LL- e duplo ene -NN- (cabelo, cana...)
- a evolución de AU a ou (pouco, ouro...; en xeral, os ditongos decrecientes: primeiro, beira...),
- ou a conformación dun infinitivo conxugado (de moito rendemento).


# As linguas da península ibérica

## 3. Variantes dialectais do galego e do portugués

### 1. Isoglosas do galego e do portugués.



Isoglosas relevantes do galego e portugués continental



1. Hai un feixe de isoglosas que se entrecruzan dentro do territorio portugués (entre Douro e Texo, basicamente): trazos "antigos", abandonados polo portugués padrón.
2. A presión do portugués padrón (CS) reprega estes trazos cara ao N. Non chegan a Galicia.
3. Creouse un segundo feixe de isoglosas, coincidente coa fronteira entre Galicia e Portugal. Presión de factores sociopolíticos.
4. No territorio compartido antigamente créanse dúas identidades.
  - O galego procura a normalización do seu estándar, cos trazos que lle son propios, se ben existe tamén un movemento, o reintegracionismo, de maior confluencia.
  - As variedades portuguesas son consideradas dialectais sempre que os seus trazos non coinciden cos do CS.

(Adaptado de Rosario Álvarez)



## 2. Variedades do portugués

- **Portugués europeo (de Portugal).** Inclúe tres grandes bloques dialectais: os dialectos do norte ou setentrionais (nos que, por exemplo, non se distingue b/v), os dialectos centro-meridionais (con redución de ditongos *ei* e *ou*, etc.) e mais dialectos dos Azores e Madeira. [Véxase *Qual é o SOTAQUE MAIS NEUTRO de Portugal?*]
- **Portugués do Brasil.** Presenta importantes diferenzas na fonética, na gramática e no vocabulario, con particularidades tamén territoriais. [Véxase *Brazilian vs European Portuguese*]
  - O -l final pronúnciase en boa parte do Brasil como -u (*Brasil* > "Brasiu", *legal* > "legau").
  - Palatalízanse as consoantes *d* e *t* ante vogais anteriores: *d<sub>e,i</sub>* e *t<sub>e,i</sub>* soan /tʃ/ ou /dʒ/ (*mentir* > "mentchir").
  - Hai tendencia a antepoñer o pronomé átono (*Eu te amo*).
  - Ten bastante léxico específico (*trem* fronte a *comboio*, *bonde* fronte a *eléctrico*, *cardápio* fronte a *ementa* / *menú*...).
- **Variedades africanas do portugués.** Presentan trazos propios como certos enxordecimentos no consonantismo, abundante léxico proveniente das linguas autóctonas, etc. [Véxase *Como o Portugués de Angola influenciou Portugal*]

# As linguas da península ibérica

## 4. A lusofonía

Ademais das colaboracións no ámbito económico, dos intercambios académicos ou dos acordos institucionais, consolidáronse nas últimas décadas iniciativas culturais de conexión co mundo lusófono. As principais son:

- [Ponte nas ondas](#), asociación cultural e pedagóxica que, desde 1995, realiza actividades educativas e culturais en Galicia e no Norte de Portugal. Entre os fins da asociación está a promoción da identidade común dos dous pobos dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono, así como a recuperación e difusión do Patrimonio Cultural común a galegos e portugueses. Presentou ante a UNESCO a primeira candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués.
- [Cantos na maré](#), festival internacional da lusofonía. Maré, músicas e artes atlánticas, é un acontecemento cultural, artístico, social e profesional para festexar o talento compartido de Brasil a Cabo Verde, de Mozambique a Galicia.
- [Certame aRi\[t\]mar](#), premios da poesía e música galego-portuguesas. Proxecto didáctico participativo desenvolvido inicialmente pola EOI de Compostela. Cada ano propónense as 10+10 cancións e 10+10 poesías finalistas, de Galicia e de Portugal, e é o público a través do voto online quen elixe as pezas gañadoras, que se dan a coñecer nunha gala.
- [Feira musical MUMI](#) (Músicas do Minho). Convoca a profesionais do sector cultural galego e portugués co obxectivo de "crear unha ponte de ida e volta real e estable para as nosas músicas". No 2022 o evento realizarase na "Eurocidade Tui-Valença" como "Feira Internacional da Lusofonía".
- [Premio de podcast en galego e portugués Xosé Mosquera](#), convocado polo IES Rosalía de Castro e mais Arraianos Producións, en colaboración con Ponte nas Ondas. Está dirixido a alumnado galego e do norte de Portugal.
- [Rede da Galilusofonía](#), rede de máis de trinta entidades galegas e portuguesas, civis e públicas. Desde 2018 deciden coordinarse e cooperar "na difusão de iniciativas encaminhadas a fomentar a nossa língua e cultura comuns no seu espazo natural, a Lusofonia, com grande potencial noutros campos como o económico e o institucional".
- Apertura da CRTVG ao espazo portugués, con programas como *Camiños de irmadade* ou [Auga seca](#) (serie), conversas en liña de [#ApuntamentoLusófono](#) ou a emisión de partidos de fútbol da liga portuguesa.
- [Fomento do estudo oficial da lingua lusa en Galicia](#). Son case 5000 estudantes de portugués no curso actual, cinco veces máis que cando entrou en vigor a Lei Paz Andrade (no 2014).